

Castrelo de Miño
entra na axenda
internacional
dos deportes
náuticos



Páxina 9

I Encontro de
Palilleiras en
Monforte o 3
de setembro



Páxina 10

Empresarios de
Lugo recibiron
ao embaixador
de Cuba



Páxina 11

O PSdeG de
Cartelle denuncia
a proliferación de
vertedoiros
ilegais



Páxina 12

O alcalde de
Ourense retíralles
as competencias
aos concelleiros
do PP



Páxina 14



Sober celebra a XXV Feira da Rosca

Páxina 16

Entrevista



Carlos Callón | Autor de
"O libro negro da lingua galega"

"Aquí levan séculos
violentando a nosa
expresión natural"

Páxina 6



Entrevista

Xosé Manuel Beiras: “Vexo posíbel unha alternativa ao PP para 2024”

Xosé Manuel Beiras (Santiago de Compostela, 1936) é unha das figuras esenciais do nacionalismo galego e acaba de publicar o libro "Retratos en fite" (Laiovento), unha compilación de perfís de persoas con quen tivo relación. A obra coincide co cincuenta-

rio da primeira edición de "O atraso económico da Galiza", que defende a tese que Galicia é unha colonia. É unha tese que "se mantén", asegura un Beiras que explica que "estamos peor que fai corenta anos". Beiras ofrece unha análise da situación sociopolítica e económica actual.



Atopámonos ante unha nova crise. Como explica a situación económica actual?

No ano 2008 houbo unha crise no sentido cheo da palabra, unha crise financeira. A metáfora que usei naquel momento foi "un infarto de miocardio ao corazón do aparello circulatorio da bolsa de Wall Street". Esta é a crise e en conta de poñer remedio culpando aos responsables daquela barbaridade e defendendo aos cidadáns, o poder político, cos norteamericanos á fronte, inclinouse ante a plutocracia financeira de tal maneira que salvou aos grandes bancos e afectou á xente. Isto fíxose en todos os países do centro do sistema, dentro do imperio. A consecuencia foi a aplicación de políticas neoliberais que deu a unha gran depresión da cal non hai saída, porque se fixo ao con-

queda coma se fose moi dialogante porque acepta o aumento do salario mínimo e as regulacións temporais de colocación...

Tamén estamos a un ano das próximas eleccións estatais e a maioría de enquisas sitúan a Feijóo na Moncloa. Como observa a situación política?

As enquisas non se fan para explorar, senón para practicar o conductismo. Se sementas un nome entre os cidadáns, que non teñen bastante medios para informarse nin os coñecementos sobre política, e despois preguntas, xa sabes cal será o resultado, é aquilo dos cans de Pávlov. Eu non me fio das enquisas, pero hai un feito e unha explicación: o réxime está podre, todo está podre: as grandes institucións, o poder xudicial, a casa real e boa parte da chamada clase política.

pode pasar. Non me atrevo a facer unha predición.

Ve unha alternativa ao PP en Galicia para o 2024?

Si. Hai unha alternativa potencial. O BNG é en condicións de ser unha alternativa, pero o problema é que é moi difícil que en Galicia o BNG supere o PSOE nas eleccións no parlamento, unhas eleccións que deciden quen ten o poder á Xunta. Se non fan o parvo e traballan con intelixencia, esta posibilidade é viable, pero hai unha carencia de conexión entre o BNG e a esquerda non nacionalista que pode ser un aliado do nacionalismo contra o PP. É ben claro que nunha situación de gran depresión os dous eixos de contradición oscilan. En Galicia hai un eixo de contradición: esquerda-dereita, clases traballadoras-capital, clases popu-

lación dominante é esquerda-dereita, isto vin o 2012 e por iso lancei a mensaxe da fronte ampla. Cando o verán do 2012 lanzo a proposta, se o BNG en conta de dicir "non queremos saber nada" dixese "falemos", seríamos hexemónicos dentro da coalición e Feijóo perdería as eleccións.

Para min, a idea que o nacionalismo e o españolismo son unha fronteira infranqueable non é certa. É unha fronteira porque quen non acepta Galicia como suxeito político non entende a cuestión, pero aínda pode ser un aliado. O fracaso é cando non o conseguís a escala estatal, como pasou estes anos. Foi un fracaso de En Marea. Foi un fracaso, sobre todo, dos cadros políticos, non da base. Foi un fracaso polo comportamento de Pablo Iglesias, Yolanda Díaz e Antón Gómez-Reino, e da xente de aquí, por estupidez, por carencia de clarividencia. Xogan a facer que a esquerda se poña de acordo que o inimigo é o PP e despois establecer unhas pautas de xogo que non sexan necesariamente de ir xuntos en coalición, senón que a xente perciba que se poden entender e non facer un acordo de goberno, senón facer un proxecto alternativo, que non se fixo nunca. Para min a clave está e espero que funcione. Iso si, cúmprense todas as condicións obxectivas para que o PP perda a maioría no parlamento.

A guerra volveu ao corazón de Europa. Que hai en xogo no conflito armado en Ucraína? Que lle reclamades á esquerda?

O que está en xogo é se o pro-

xecto histórico europeo é a Europa que vai da nosa Fisterra aos Urais ou se é un conglomerado de estados satélite da hexemonía ianqui, e é aquí onde os norteamericanos collen impulso e embarcaron a Unión Europea nun belicismo suicida. A esquerda xa só existe na sociedade, nas institucións políticas, case non hai. Hai fenómenos esperanzadores, como isto que acaba de pasar en Francia, coa fronte de esquerdas, que seguíu moito porque coñecín a Mélenchon en Atenas en 2007, pero pouca cousa máis. E mentres tanto provócanos un conflito análogo á guerra fría dentro de Europa, a pesar dos esforzos dos gobernos de Rusia, desde Gorbachov, e a pesar dos compromisos de non expandir a OTAN máis aló de Alemaña do Leste... Tería que esperar Putin que lle poñan un mísil a cincuenta quilómetros de Moscova? A reacción de Rusia é a autodefensa, que non resolve nada e agrava o conflito, pero realmente non queda ningunha máis opción. Países de tradición socialdemócrata por exemplo Suecia e Finlandia, entregan os curdos porque Erdogan levante o veto e poidan entrar á OTAN... Fan o mesmo que acabamos de facer cos saharauís, e o que foron facendo co palestinos... Pero que tipo de Europa é esta? Isto non é Europa, isto son gringos. Se o explicas á xente, entón dinche que pertences a Putin, pero tes que ter a coraxe de dicilo. Non hai pluralismo de prensa, non hai liberdade de prensa. O pluralismo da prensa liquidouse na transición.



trario daquilo que se tería que facer. Entramos nunha nova fase da gran depresión, non saímos. As medidas paliativas adoptadas principalmente polo ministro de Traballo son beneficiosas para o capital: ti sobes os salarios e eu provoco a inflación. O capital

E Feijóo que é? É un tartufo fascista, un sipai. As colonias producen sipais. É tan fascista como Pablo Casado, pero os grandes medios non o desmascaran porque son eles quen xoga no seu favor. De todas as maneiras, para min é unha incógnita que

lares-oligarquía, pero hai outro eixo que é a contradición nacional Galicia-Estado español. O nacionalismo de esquerdas, en Galicia non houbo nunca de dereitas, ten que xogar con estas dúas contradicións. Cando es nunha situación de crise grave, a con-

Entrevista realizada pola directora de Nós Diario, María Obelleiro, e publicada na edición do 30 de xullo de 2022.

Cara unha xoeconomía bipolar? Occidente vs Eurasia

O sistema capitalista globalizado está en crise económica, estrutural, pero tamén política, de lexitimidade dos Estados e da hexemonía capitalista. O actual conflito entre EEUU e a OTAN contra Rusia con epicentro en Ucraína, non é a causa senón a consecuencia da crise xeral do capitalismo global.

EE.UU loita por manter a hexemonía intercapitalista, pero existen indicios sobre a inminente desintegración do sistema económico baseado no dólar e a súa substitución por unha nova orde socioeconómica internacional liderado por China, que combina a planificación estratéxica centralizada e a economía de mercado, o control estatal sobre a infraestrutura monetaria e a participación empresarial privada.

Como sinalou o economista Michael Hudson, durante máis dunha xeración destacados diplomáticos estadounidenses advertiron sobre o que crían representaría a última ameaza exterior do imperio: unha alianza de Rusia e China que dominaría Eurasia. A guerra económica, as sancións e a guerra híbrida de EE.UU contra China e Rusia terminaron unindo a ámbolos dous países, e están a empuxar a outros á súa emerxente órbita euroasiática. O que a mediano prazo podería configurar unha xoeconomía bipolar: Occidente vs Eurasia.

Segundo Sergey Glazyev, membro da Academia Rusa de Ciencias e ministro de Integración e Macroeconomía da Unión Económica de Eurasia, asistimos a un período de cambio de patróns tecnolóxicos e mundiais que sempre vai acompañado de crises económicas estruturais e guerras, respectivamente. O cambio de patróns tecnolóxicos comeza cun aumento dos prezos da enerxía, tras o cal as economías dos países desenvolvidos mergúllanse nunha depresión prolongada, da cal se sae por unha tormenta de innovacións.

Durante ese período as tensións político-militares intensifícanse e a carreira armamentista impulsa á economía para entrar nunha nova e longa onda de crecemento baseada nunha nova orde tecnolóxica. Glazyev sostén que hoxe ese período está a pechase co salto de China e India ao liderado do desenvolvemento técnico e económico mundial, con base nunha nova orde tecnolóxica cuxo núcleo é un complexo de tecnoloxías nano, bioenxeñaría, información, dixitais, aditivas e cognitivas.

Ao mesmo tempo, transítase cara a un sistema alternativo de xestión de desenvolvemento económico, cuxo núcleo tamén radica no sueste asiático, e como ocorre sempre neses períodos, apunta Glazyev, a elite dirixente dos países centrais provoca unha guerra mundial para tentar manter a hexemonía intracapitalista global. No marco dunha estratexia planificada de histerización da poboación (rusofobia), na conxuntura a elite plutocrática e militar estadounidense está a despregar unha guerra híbrida informacional-cognitiva e monetaria-financeira contra China e Rusia, para caotizar a ambos os países, e tamén a India.

Michael Hudson e Sergey Glazyev coinciden en que a recente confiscación (roubo) do ouro e de 300 mil millóns de dólares en reservas estranxeiras rusas en contas de custodia dos bancos centrais occidentais –como ocorreu antes con Venezuela, Iraq, Irán e Afganistán–, xunto co asalto selectivo ás contas bancarias de multimillonarios rusos, socavaron o status do dólar, o euro, a libra esterlina e o ien como moedas de reserva global, o que acelerará o desmantelamento en curso da orde económica global, xa que é pouco probable que algún país soberano continúe acumulando reservas neses moedas, e busque remplazarlas por moedas nacionais e ouro, ou unha nova moeda de pago dixital fundada a través

dun acordo internacional.

A maioría das transaccións entre os países membros da Unión Económica de Eurasia xa están denominadas en moedas nacionais e estase producindo unha transición similar no comercio con China, Irán e Turquía; tendencia que podería incluír a India. En forma paralela impúlsase o desenvolvemento dun sistema de pago dixital non bancario, que estaría ligado ao ouro e outras materias primas negociadas en bolsa.

A crise dos prezos da enerxía e os alimentos –Rusia e Ucraína son grandes exportadores de grans– está a afectar aos países do sur global. Pero tamén ás economías de EE.UU e Europa que teñen que encarar o boicot ao gas ruso, e ademais necesitan cobalto, aluminio, paladio e outras materias primas básicas que poderían ser usadas polo Kremlin como medio de presión para a remodelación da diplomacia e o comercio mundial.

A estratexia estadounidense de utilizar a Ucraína como cuña entre Rusia e China non funcionou. En cambio, o aluvión de sancións contra Moscova tivo o impacto de reforzar a complexa integración integral das economías rusa e chinesa, que podería fortalecerse coa articulación do Nova Ruta da Seda de Xi Jinping e a Unión Económica Euroasiática impulsada por Putin.

A súa vez, como sinalou Hudson, a diplomacia de forza de EE.UU impónlle á Unión Europea o seu abxecto servilismo, polo que o próximo enfrontamento podería

producirse dentro de Europa, cando políticos nacionalistas traten de liderar a ruptura do "pano de aceiro" imposto pola Casa Branca para encerrar aos seus satélites na dependencia das subministracións estadounidenses de gas licuado con tarifas máis altas.

En definitiva, no marco da actual fase de acumulación militarizada –como a chama William I. Robinson–, que por mor da subministración masiva de armas a Ucraína dispararon as accións de mega-



corporacións militares e de seguridade estadounidenses como Raytheon, Xeneral Dynamics, Lockheed Martin, Northrop Grumman e Boeing, a manobra do "Deep State" (Estado profundo) que controla a Joe Biden puido ser garantir que Europa contribúa máis á OTAN, compre máis material bélico ao complexo militar-industrial e encérrese máis na dependencia comercial e monetaria imposta por Washington. Sen descartar, que como ocorreu historicamente con outros presidentes estadounidenses, a administración Biden involúcrese directamente na guerra con fins electorais, ou utilice a Polonia e Romanía para desestabilizar máis a contorna ucraína.

Artigo de Carlos Fazio publicado en El Viejo Topo, 5 de xullo de 2022

O IGADI publica o informe “Nós No Mundo 21-22” sobre a Acción Exterior de Galicia

O Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) publicou o seu Informe Anual sobre a Acción Exterior de Galicia “Nós no Mundo/We in the World” intitulado “25 Anos: Da creación da Secretaría Xeral á Lei de Acción Exterior”, un balance histórico ao

desenvolvemento desta política pública na historia autonómica.

O informe consta de entrevistas aos voceiros dos grupos políticos con presenza no Parlamento e a especialistas na materia, así como 12 artigos ligados á liña de investigación en paradiplomacia e acción exterior de Galicia do IGADI.

O Nós No Mundo 21-22 publícase coincidindo co Día da Galicia Exterior, que se convoca en Anos Xacobeo e que cumpre a súa 6ª edición, no obxectivo de conectalo coa Galicia global da diáspora e significala. O Nós No Mundo 21-22 publícase co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

No marco dos 40 anos do Estatuto e os 25 anos da creación da Secretaría Xeral de Acción Exterior na estrutura político-administrativa da Xunta, o informe aspira a un retrato panorámico da nosa paradiplomacia, aten-

dendo ao desenvolvemento histórico normativo na Xunta e as institucións galegas, as relacións coa diáspora, as relacións en Europa, na Eurorexión e na Macroeconomía, a lusofonía, o papel do IGADI na acción exterior, a Axenda 2030, e até a cooperación internacional e a diplomacia pública e cidadá, representanda no voluntariado que emerxeu baixo a Guerra da Ucraína ou o marco histórico dos 30 anos do IGADI celebrados no 2021.

Xunto aos artigos pódense atopar unha colección de entrevistas

aos voceiros dos partidos políticos presentes no Parlamento, así como a especialistas na materia, que botando a ollada ao pasado e ao futuro, presentan os resultados e os horizontes da acción exterior de Galicia, no escenario de desenvolvemento da Lei 10/2021 de 9 de marzo, de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia.

Ademais o informe conta con especial relevancia, ao saír ás portas da definición da próxima Estratexia Galega de Acción Exterior.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Fomos ficando sós

Estes últimos días Galicia coñeceu unha das peores vagas de lumes da súa historia e, dende logo, a peor dende a sofrida a mediados de outubro de 2017 nas bisbarras de Vigo, Condado e Carballiño. Nunha única semana as hectáreas queimadas sobardaron as 30.000 (máis de 10.000 no Courel, máis de 10.000 en Valdeorras e case 6.000 no parque natural do Invernadeiro, no macizo central ourensán). Ardeu, xa que logo, un terzo máis ca todo o queimado ao longo do cuadrinio 2018-2021.

A responsabilidade da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda é evidente, como o foi tamén a da Xunta presidida por Núñez Feijóo naquel outubro de 2017. Daquela moitas das brigadas de extinción non estaban xa operativas por considerar,

desaqueladamente, xa pechada a tempada de lumes. Neste 2022 a vaga comezou a mediados de xullo e bateu contra un



sistema de extinción con poucos recursos mobilizados. Voceiros da veciñanza do Courel denunciaban que en todo o distrito forestal que abrangue O Courel, Terra de Lemos e Quiroga non existía ningunha brigada municipal de extinción funcionando

antes do 15 de xullo e que aínda estaba previsto comezaran traballar xusto na pasada fin de semana do Carme. As mesmas fontes denunciaban que noutros anos era normal que en xuño as devanditas brigadas xa estivesen operativas.

Foron os poucos brigadistas operativos, bombeiros voluntarios chegados doutros lugares de Galicia e máis a propia veciñanza as persoas que salvaron as aldeas, mesmo ás veces contrariando unhas ordes de desaloxo que, como pouco moitos, alcuman de temperás de máis. Porque na dinámica dos lumes de Valdeorras e o Courel salváronse as aldeas e casas que foron defendidas pola propia veciñanza. Ao tempo, a experiencia amosou tamén que os sotos de castiñeiros e as terras adicadas ao uso agrícola contribuíron frear o lume, fronte aos pirófitos piñeirais.

Dende diversos sectores do PP rural reclámase soto voce a a remuda do conselleiro de Medio Rural e máis do Director

Xeral de Defensa do Monte. Xa que logo, o Presidente Rueda habería comprender que os erros e negligencias deste Goberno apúntanse xa no seu balance e non no dun Núñez Feijóo que os nomeou e que xa está atento a escenarios moi afastados do noso País.

De calquera xeito, malia a ineficacia amosada pola Xunta nas tarefas de extinción (probábelmente tanto pola insuficiencia xa relatada de medios como polas desaqueladas decisións da cadea de mando) as ensinanzas aprendidas esixen por en valor a prevención. Porque son a reagrarización e reforestación con especies autóctonas e máis a repoboación e posta en valor do medio rural os principais alicerces dunha necesaria prevención na que, por certo, o sector beneficiario da extinción insiste moi pouco.



A importancia do autoaprezo

O PP de Baiona ven de amosar o seu rexeitamento á actuación de Quico Cadaval en galego facendo parte do programa cultural de verán do concello onde chegou no 1493 a nova do descubrimento de América. De primeiras os populares miñoranos mesmo alcumaron ao galego de dialecto (despois rectificárian diante da enxurrada de críticas recibidas), considerando que a nosa lingua é axeitada para outras épocas do ano, mais non para o verán porque-disque- hai moitas segundas residencias na área ocupadas por persoas do resto do Estado.

Quico Cadaval é un artista monolingüe en galego nas súas actuacións na Galicia. Baiona é un concello de Galicia e o galego é a lingua propia do mesmo, como tamén

do País todo. Moitas persoas galegas, portuguesas ou doutros Estados residen en Baiona na época das férias estivais. Canto ás persoas do resto do Estado que residen nesta época do ano, suponse que están vencelladas á vila e ao concello por vínculos de empatía e afección. É dicir, residen recorrentemente en Baiona todos os veráns porque gostan da contorna, da paisaxe e do clima. Porque gostan da xente de Baiona e da súa gastronomía. Porque gostan da nosa cultura, o que supón gostar (ou polo menos respectar) a nosa lingua. Unha lingua que, ademais, é medianamente comprensíbel para calquera persoa castelánfalante.

O turismo é unha actividade económica fulcral na economía galega, de Baiona e

de toda a bisbarra miñorana. Mais Baiona non é un parque temático. O turismo intégrase aquí a medio de políticas que poñen en valor os seus recursos ambientais,



paisaxísticos e culturais. Quen adoita residir en Baiona nos veráns entende e valora a nosa lingua e a nosa cultura, como o facía Gonzalo Torrente Ballester

parolando nos seus faladoiros de mañá con Carlos Casares ou con D. Paco Fernández del Riego.

A actitude do PP de Baiona ten, na nosa lingua, un rechamante adxectivo que a cualifica. Eu sonlles máis de suxeito, verbo e predicado ca de adxectivos e velaí que me limite a dicir que unha tal actitude proxecta un grandísimo complexo de inferioridade e unha moi potente falla de autoaprezo. Porque co galego estamos no mundo. Co galego somos quen a describir calquera proceso ou concepto científico ou técnico e a crear calquera produto cultural.

Ocorre que o PP, deste xeito, despreza centos de milleiros dos seus electores que naceron e se desenvolveron en galego. Despreza o ADN da galeguidade que disque reivindicán. Desprezan, como ben cantou Celso Emilio Ferreiro, a fala nai, a fala dos avós que temos mortos.

Ampliarmos o Estatuto de Galicia

Existe un acordo unánime entre as tres forzas do Parlamento de Galicia (PSdeG, BNG e PPdeG) para esixir do Poder Central a transferencia das competencias na xestión do litoral. Galicia sofre dunha lexislación de costas e dunha praxe administrativa totalmente desaqueladas a respecto das nosas necesidades. Galicia ten moitos núcleos de poboación e actividades produtivas no dominio público marítimo-terrestre e a esquerda española, que só coñece o modelo mediterráneo, non entende a importancia destas nosas especificidades.

Porén, Pedro Sánchez ven de rexeitar as febles reivindicacións que lle expresou AL-

fonso Rueda neste senso na súa recente xuntanza. Segundo o madrileño Galicia ten de reformar o seu Estatuto para se atribuír estas competencias, como fixeron Catalunya, Andalucía ou, moi recentemente as illas Canarias. Mais o certo é que o Estado podería transferir estas competencias a medio dunha lei orgánica ao abeiro do artigo 150.2 da Constitución, que autoriza empregar esta ferramenta no caso de competencias susceptíbeis, pola súa propia natureza, desta transferencia. Así se fixo no seu día para ampliar os teitos competenciais do País Valencià e das propias Canarias ou para lle atribuír a Galicia competencia en

policía de espectáculos.

Galicia precisa dun Estatuto de Nación que nos garanta un amplo teito competencial blindado, un financiamento abondo e acaído e un status xurídico de igualdade entre o galego e o castelán. Mais o PPdeG non partilla este obxectivo. Por outra banda, a evolución do sistema xurídico-político español amosou a súa faciana máis recentralizadora coa implícita mutación do dereito das nacionalidades á autonomía, que o Tribunal Constitucional considerou limitado de vez pola posibilidade do Poder Central de cesar Gobernos e disolver Parlamentos a medio do artigo 155 da Constitución.

Mais o mellor ás veces dificulta acadarmos o menos malo. Cómpre facermos da necesidade virtude e propor un acordo de País para ampliarmos o Estatuto de Galicia nas

cuestións que poderían xerar a unanimidade parlamentaria. Estas cuestións serían de ampliación competencial (xestión do litoral, salvamento marítimo, réxime local, tráfico e seguridade viaria, as autoestradas AP-9 e AP-53, os ferrocarrís de proximidade e media distancia, mantemento da rede estatal de estradas...) e de regulación estatutaria tanto de institucións como o Valedor do Pobo, os Consellos de Contas, Consultivo e Económico-Social como dos principios comúns ás Administracións autonómica e locais: legalidade, eficacia, economía, eficiencia, boa fe, confianza recíproca. Cumpriña tamén incorporarmos os dereitos sociais e económicos de terceira xeración: saúde, protección social e ambiental, igualdade...

Saberá o PPdeG estar á altura deste repto?

Por Roberto Mansilla Blanco

A chave 2023

Dende a capital albanesa Tirana, o presidente do goberno español Pedro Sánchez declarou que aspira "a manter a coalición con PODEMOS ata agotar o seu mandato". Un mandato que, se tomamos en conta o calendario electoral, remataría coa convocatoria de eleccións xerais para decembro de 2023. Xustifica así a súa aspiración porque enviaría unha "mensaxe de estabilidade trala crise de gobernabilidade" que ven vivindo España desde 2015.

Son significativas as declaracións de Sánchez sobre o horizonte político español ante as perspectivas que trazan os economistas dunha posible recesión económica ás portas. Pero a mensaxe de Sánchez poda que teña unha chave máis estratéxica cara Bruxelas que dentro da Moncloa.

O presidente de goberno fai estas declaracións nunha xira balcánica que levouno por Serbia, Montenegro, Macedonia do Norte, Bosnia-Herzegovina e Albania no marco das tamén igualmente visibles 'aspiracións' da Unión Europea de atraer eses países a súa órbita, quen sabe se vía ad-

misión "fast-track", para afastalos da órbita xeopolítica rusa. Un caso especial é o serbio, ligado por vínculos históricos, relixiosos e culturais con Rusia e cuxa sociedade mantén unha posición moi prorrusa no conflito ucraíno.

Como no caso do cumio da OTAN en Madrid que abriu a veda da ampliación cara Suecia e Finlandia, a UE quere facer o mesmo na súa contorna balcánica e mediterránea que contrarreste a eficacia da alianza ruso-turca vía Mar Negro, agora acicalada polo recente acordo con Ucraína que permite a apertura de portos para a exportación. Un acordo que nin sequera Washington e Bruxelas lograron adiantar.

Neste contexto, Sánchez aposta pola estabilidade dunha coalición moitas veces 'tocada' por mini-crisis mentres a vicepresidenta Yolanda Sánchez tenta reconstruír ese espazo da esquerda a través da súa aposta política "Sumar". Esa mensaxe de Sánchez vén tamén para amortecer o efecto mediático que impulsa unha alternativa vía Feijóo e o "novo PP" para A

Moncloa.

Por iso a mensaxe de Sánchez cobra máis eco nunha UE aletargada pola presión enerxética rusa de pechar o grifo e as consecuencias xeopolíticas que a guerra en Ucraína está provocando en gobernos occidentais. Xa caeron o británico Boris Johnson e o italiano Mario Draghi. Italia irá a eleccións xerais a finais de setembro, onde a extrema dereita pode sacar réditos como estivo a punto de facelo nas recentes presidenciais e lexislativas francesas. E a Alemaña post-Merkel vese condicionada pola súa excesiva dependencia do gas ruso, cunha coalición tripartita en Berlín encabezada polo chanceler Olaf Scholz que aprecia un baixo perfil a nivel europeo.

Coas incertezas motivadas polas previsións económicas para esta outono, Europa non quere inestabilidade política do seu flanco Sur. Dende os Balcáns, escenario de guerras fratricidas na década de 1990, Sánchez quixo dar esa mensaxe de tranquilidade. Agora ben, está esa estabilidade plenamente garantida? Chegará sen moitas fisuras a un 2023 electoral chave?

Villarejo como síntoma

Como ben din o director deste xornal, Guillermo Rodríguez, "os medios son tóxicos". E son aínda máis 'tóxicos' se detrás

está unha parafernalia de poderes nos que se escudan presuntos 'xornalistas',

acomodados en platós de TV que utilizan a espectacularidade que outorgan os fake news para deconstruír unha democracia cada vez máis parecida a reality show.

É o que ven pasando cos "Papeis de Villarejo" e os intereses duns grupos mediáticos que afian as redes de desinformación vía 'propagandistas' da noticia (Ferrerías, Pastor) en platós de máxima audiencia (LaSexta, Telecinco, Antena3). Un síntoma claro desas "cloacas do Estado" (Pablo Iglesias dixit) que socavan a saúde democrática e a necesidade de información contrastada, plural e sen filtros.

Pero tamén é unha crítica a unha sociedade alienada e distraída polo poder das plataformas de pago (Netflix, Amazon) e de grupos mediáticos que terminan 'creando' sen escrúpulos calquera tipo de preferencias políticas. Unha "berlusconización" e "trumpización" de España condicionada polo peso das audiencias mediáticas.



PSdeG-PSOE critica a xestión da Xunta en materia de Sanidade

A viceportavoz parlamentaria do grupo socialista, Begoña Rodríguez Rumbo, demandou á Xunta de Galicia unha inxeción adicional de 140 millóns de euros de cara aos orzamentos 2023 para reforzar a sanidade pública e principalmente a atención primaria, mediante a contratación de 1.000 profesionais sanitarios, así como a investigación.

Así, Rodríguez Rumbo considerou que, cun incremento nun 8,2% do límite de gasto autonómico,

ata un máximo de 12.599 millóns de euros, a Xunta "xa non ten escusas para poñerlle remedio ao colapso da sanidade".

Por outra banda, Rodríguez Rumbo, denunciou que a Xunta deixou sen executar máis de 200 millóns de euros dos fondos covid, que se acabaron destinando a "cadrar contas" e amortizar a débeda pública xerada, en vez de reforzar a asistencia sanitaria nos momentos peores vividos durante a pandemia. Tamén reprobuou que



a Xunta deixara sen execución os recursos adicionais que recibe Galicia do Fondo de Compensación Interterritorial, calculados en 42,5 millóns de euros.

CNT convoca a folgas nas Galiñas Azuis

A Sección Sindical da CNT anunciou a convocatoria de folgas que terán lugar 15 días mensuais a partir do 5 de setembro e ata o mes de decembro, afectando ás Galiñas azuis, centros de día e demais centros dependentes do Consorcio de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia para criticar pola nula xestión de Perfecto Rodríguez Muíños, xerente do

servizo.

Esta situación afecta a 1.500 prazas e máis de 15.000 familias así como a 2.800 nenas e nenos que acudirán ao seu primeiro ano de escola. Os e as traballadoras amosan s vontade de desconvocar a folga se se deran os pasos axeitados, igual que están facendo o resto de entes instrumentais da Administración.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Entrevista

Por Moncho Mariño

Carlos Callón | Autor de "O libro negro da lingua galega"

"Aquí levan séculos violentando a nosa expresión natural"

Carlos Callón foi presidente da Mesa pola Normalización Lingüística até 2014. En 2022 lanza o seu documento de investigación O libro negro da lingua galega (Edicións Xerais). Callón fai un percorrido desde o século XVI até case finais do século XX sobre a represión contra a lingua galega exercida por parte das distintas autoridades

eclesiásticas, civís e militares en territorio galego. Descubre así os diferentes xeitos punitivos contra galegofalantes durante os últimos 500 anos e coma aínda hoxe é posible observar ataques virulentos, mais non tanto físicos coma sociais, contra o galego. Falamos brevemente con el deste seu traballo, o primeiro desta materia escrito en Galicia.

Nunha presentación do teu libro dicías que era o primeiro deste tipo realizado en Galicia, cousa que xa sucedera co éus-cara e o catalán. Porque no se realizou este traballo co galego hai xa anos?

O motivo fundamental é que, nos últimos corenta anos, tanto en Cataluña coma no País Vasco estiveron aproveitando os resortes institucionais que tiñan ao seu favor para recuperar os seus idiomas. Potenciaron o seu ensino ou potenciaron a través de axudas públicas a súa difusión e normalización. Co galego iso non aconteceu; durante a maioría da etapa democrática houbo políticas lingüísticas que estiveron lonxe de cumprir os mínimos esixidos polo Estatuto de Autonomía ou pola Lei de Normalización Lingüística. Isto é o que fai que o galego, en moitos ámbitos, estea por detrás. **É curioso ver como desde o século XV até o día de hoxe hai un ataque moi forte contra o noso idioma.**

Podémolo ver nos documentos da corte dos propios Reis Católicos. Estes monarcas buscaban ter un imperio único e que ese Imperio de Castela tivese unha lingua única. Eles entenden que debe ser unha mostra de poder. Durante esa época histórica non todos os reis e raíñas pensaban o mesmo. Non todos os imperios pensaban o mesmo, para moitos o feito de ter varias linguas no seu territorio era una mostra do seu poder. Isto non ocorría na corte de Isabel de Castela, onde se cría que para manter a unidade política había que manter a unidade lingüística. Por tanto, non é casua-

lidade ese tipo de políticas contrarias ao noso idioma. En 1480 o que se produce é a prohibición de que os escribáns de usar o galego. A partir desa data quen queira ser escribán deberá realizar un exame en Valladolid para realizar documentos en castelán.

"A historia do galego dende finais da Idade Media é a dun idioma atacado"

Todas estas accións contra o noso idioma, de que maneira influíron na súa evolución?

A historia do galego dende finais da Idade Media e a dun idioma atacado, cercado e por tanto iso inflúe na vitalidade social e termos unha lingua máis de noso, pois temos unha lingua moi ferida chea de castelanismos. Por exemplo, eu entendo que o galego e o portugués forman parte dun mesmo sistema lingüístico, cada un coa súa personalidade. A diferenza fundamental entre o galego e o portugués non é lingüística. Ao sur do río Miño non lles batían por falaren na súa lingua e non lles queimaban os libros por estaren escritos na súa lingua.

Queimáronse libros en galego a finais da Idade Media?

Non, iso non aconteceu. Produciuse unha perda documental mais non nese sentido. Eu referíame ao longo da historia. As queimas de libros en galego que temos documentadas producíronse no século XX. A perda de documentación en galego da Idade Media digamos que hai moitos elementos, mais vai ser un asunto diferente. Un elemento importante sobre o que hai que reflexionar é

como o galego, unha das linguas trobadorescas máis importantes de Europa, e que no entanto non conservemos en Galicia nin un só verso escrito en galego na Idade Media? Todo o tesouro escrito en galego durante esa época está fóra de Galicia. Polo menos,

preguntámonos en voz alta os motivos paga a pena.

Non quedou ningún en Galicia para do reino de Galicia?

Ningún. Quedan os códices en Italia e en Portugal mais aquí ningún. Entón, que pasou nas casas dos nobres galegos? Non foi unha persecución directa á lingua de Galicia senón una persecución política dentro do reino de Galicia, de ver como miles se tiveron que exiliar tras a conquista dos Reis Católicos e logo moitos foron asasinados. Eu niso non entro no libro, digamos que en particular e en concreto cando o motivo é a lingua.

Había zonas onde a represión contra o galego era máis virulenta que outras?

Non, aí o importante era a lingua, non importaban os trazos dialectais. O que si me chamou a atención mentres elaboraba este libro, foi que se poidan documentar agresións físicas dende o século XVI até o século XX, iso nin ocorre no País Vasco nin en Cataluña porque a represión lingüística comezou moito antes en Galicia. Mesmo cando rematei o libro seguiron chegándome casos coma o dun rapaz nos anos 20 do



século pasado que fora castigado de maneira moi violenta. Chegoume o caso dunha señora do Berbés que nos anos 50 fora atada a unha cadeira durante toda a aula por falar en galego. Esta muller normalmente non era galegofalante, mais como era medio rabuda, deulle por falar en galego coa profesora e está atouna a "La silla del castellano". Castigos como suxeitar unha moeda co nariz contra a parede, poñerse de xeonllos sobre fabas ou garanzos. Tamén había outro castigo que eu non coñecía antes de escribir o libro, era colocar una pedra no peto. Por cada palabra

E aínda así deberon seguir habendo castigos.

Deberon, mais doutra maneira. O que máis recollín foron burlas, Máis casos de violencia física por falar en galego non recollín a partir de 1980.

Hoxe en día cales serían as maneiras máis violentas de tratar aos galegofalantes?

Lembro agora os castigos nalgún seminario como de Lugo, onde se colocaba un anel a quen falaba ou dicía una palabra en galego, mesmo había sancións económicas ou baixar as notas dos seminaristas. Houbo un tamén que me chamou a atención, foi

"A día de hoxe somos herdeiros desa violencia que se exerceu e por tanto, a perda do galego non é algo espontáneo"

edición en galego e ó final do día facíanlles correr, así co peso das pedras caíanlles os pantalóns, por tanto pasaban unha vergoña adicional. Son moi numerosos os casos e continuos ao longo do tempo. Isto non ocorría só no franquismo senón que viña dende o século XVI e até o século XX. O último que eu recollín sucedeu en 1980.

nos anos 60. Lembra Xesús Ferro Ruibal que durante uns encontros espirituais no seminario de Santiago dixerón que por cada vez que falasen en galego debían poñer medio día de cilicio. A día de hoxe somos herdeiros desa violencia que se exerceu e por tanto, a perda do galego non é algo espontáneo. Aquí levan séculos violentando a nosa expresión natural.

Comeza a Feira do Libro en A Coruña

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, inaugurou unha das citas clásicas do verán, a Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez, coincidindo co inicio das Festas de María Pita, que empezaron tamén co pregón a cargo de Carolina Iglesias e o concerto de James Blunt. Nesta edición da Feira da que foi pregoeira a poeta e escritora Bibiana Candia, unha das voces de referencia da literatura na Coruña, participarán unha trintena de librarías e editoriais e se desenvolverán máis dun centenar de actividades, do 1 ao 10 de agosto.

Inés Rey destacou o compromiso do goberno municipal co sector do libro nos peores momentos da pandemia a través do Bono Cultura e tamén mediante as axudas creación artística. A alcaldesa lembrou que



as actividades destes días estarán dedicadas a todos os públicos, con especial atención ao fomento da lectura entre a infancia e a mocidade. "A literatura é unha das claves do progreso", subliñou a alcaldesa, para engadir que "ler libéranos e a cultura fainos comprender o mundo, adquirir

unha conciencia crítica, especialmente na xuventude", polo que desde as administracións non se debe deixar pasar este compromiso, promovendo medidas como o bono cultural do Goberno de España co que tanto mozos e mozas poderán gozar da cultura durante este ano.

Novo mural de Diego As na Coruña



A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, acudiu ás Lagoas, onde o artista Diego As ultima o novo mural artístico que, por encargo do Concello, cubre un dos muros situados no Paseo Marítimo. Diego As, cuxo mural dedicado a Xulio César en Lugo foi premiado como o mellor do mundo no 2021, é un artista re-

coñecido internacionalmente.

A rexedora agradeceu a Diego As o seu excepcional traballo con este mural, que atraeu a numerosas persoas ao lugar durante os últimos días. A pintura ten unhas dimensións de entre 5 metros e 75 centímetros de altura segundo o muro e unha lonxitude de 70 metros.

Percorridos guiados polo patrimonio arqueolóxico da Cidade Vella

O vindeiro luns 8 de agosto, os guías da Rede Virtual de Xacementos Arqueolóxicos (CORVXA) dirixirán dúas andainas orientadas á difusión histórico-cultural existente no distrito.

O Concello da Coruña, a través do servizo municipal de Emprego, abriu este luns o prazo de inscrición para a vindeira quenda de percorridos guiados que organiza o alumnado do obradoiro de emprego de garantía xuvenil da Rede Virtual de Xacementos Arqueolóxicos (CORVXA), e terá lugar o día 8 de agosto.

Nesta ocasión, habilitaranse dous percorridos diferenciados na contorna da Cidade Vella e o conxunto da Cidade Vella e Pescaría, itinerarios orientados a que a cidadanía se achegue ao patrimonio arqueolóxico existente no barrio.

A primeira das andainas, cun



percorrido desde as murallas da Cidade Vella ata o antigo convento de San Francisco, comezará ás 09.30 horas. O punto de encontro será nos xardíns da Maestranza, na contorna do reitorado.

A continuación, desde as 11.30 horas, os guías da Rede Virtual de Xacementos Arqueolóxicos dirixirán ás persoas asistentes polo traxecto 'Coruña Romana e o

conxunto Cidade Vella-Pescaría' que comeza en Porta Real.

As persoas interesadas en asistir ás andainas previstas o vindeiro día 8 xa poden formalizar a súa inscrición a través da seguinte ligazón: <https://forms.gle/EkB3ui-WeKmoNdVfe6>

Habilitaranse 15 prazas por percorrido, que se adjudicarán por rigorosa orde de inscrición.

Comezan os traballos de conexión dos carrís bici de Pablo Picasso e a glorieta do mercado de Elviña

Comezaron os traballos de execución das obras do novo carril bici que unirá os xa existentes en Pablo Picasso e a glorieta xunto ao mercado de Elviña, atravesando a rotonda das Paxariñas. Esta actuación forma parte do Programa de Fomento da Mobilidade en Bicicleta do EIDUS.

O Goberno de Inés Rey busca deste xeito darlle continuidade ao seu modelo de mobilidade sostible e establecer percorridos de longa distancia que lle permitan á cidadanía chegar aos diferentes puntos da cidade. Esta obra conta cun orzamento de 239.379,96 euros e un prazo de execución de tres meses. O proxecto supón a intervención de 1.200 metros cadrados para instalar 480 metros de carril bici unilateral e 170 metros de tramo bidireccional, que suman un total de case 800 metros de novos itinerarios ciclistas.

Este carril bici conecta dúas vías da rede ciclista existente: as

de Salgado Torres - Pablo Picasso - UDC e Ramón y Cajal - Matogrande. Na actualidade, ambas as infraestruturas non se atopan conectadas de maneira eficiente, sobre todo pola problemática que supón o cruzamento da glorieta das Paxariñas.

Os traballos suporán a construción do novo carril bici, a reordenación de espazos peonís e zonas verdes, instalación de pasos de peóns elevados, instalación de elementos de sinalización e balizamento, colocación de semáforos, recolocación e mellora dos pasos de peóns, mellora da accesibilidade e o acondicionamento da parada de bus da rúa Álvaro Cunqueiro.

A execución do carril bici, terá tres tramos. O primeiro será o que transcorre pola rúa José Miñones Bernárdez e a conexión co carril bici da avenida de Salvador de Madariaga, outro o que atravesa a glorieta das Paxariñas e o último conecta José Miñones Bernárdez e Pablo Picasso.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción A CORUÑA

Deputación sinaliza o Camiño Inglés na ruta Reading-Southampton

O Camiño Inglés entre Reading e Southampton foi sinalizado pola Confraternity of Saint James, unha organización dirixida por voluntarios dedicada a promover a experiencia do camiño no Reino Unido e España, co apoio da Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, así como de asociacións de turismo, empresas de hostalería e igrexas ao longo das súas 68 millas de lonxitude.

O deputado provincial Antonio Leira subliñou esta novo fito na promoción do Camiño Inglés e o Camiño Fisterra-Muxía, as dúas rutas xacobeas que discorren integramente dentro da provincia



da Coruña.

A tradición da peregrinación remóntase ao agasallo do rei Enrique I da 'Man de Santiago

Apóstolo' á Abadía de Reading no século XII, o que inspirou unha tradición de catro séculos de peregrinación para ver a reliquia e continuar a viaxe a Santiago. Nos séculos XIII e XIV, os peregrinos medievais visitaban a Abadía de Reading para ver a Man de Santiago. Desde alí, continuaban a súa peregrinación a través dos actuais West Berkshire e Hampshire ata Southampton antes de tomar un barco cara ás cidades costeiras do noroeste de España (A Coruña ou Ferrol) para camiñar os 75 ou 113 km restantes respectivamente ata a catedral de renome mundial en Santiago.

Ambulancias para Ucraína



A Deputación da Coruña enviou catro ambulancias galegas que prestarán servizo a poboación ucraína que está a sufrir as terribles consecuencias da guerra tras a invasión rusa. A Deputación cumpre así o compromiso adquirido en marzo pasado polo presidente Valentín González Formoso co embaixador de Ucraína en España, Serhiy Pohorelzew, durante unha reunión en Madrid.

Formoso agradeceu a doazón por parte das empresas Servicios

Sanitarios Auxiliares de Urgencia, Ambulancias Pontevedra, Servicios Sanitarios de Monforte e Sanitaria Lucense de Transportes, cuxa solidariedade permitirá enviar a Ucraína dúas ambulancias Volkswagen Crafter, unha Mercedes Benz Vito e unha Mercedes Benz Sprinter.

Coa colaboración da Cruz Vermella, a Deputación acolle desde o pasado mes de maio na residencia do IES Rosalía Mera a 32 persoas, a maioría delas mulleres e nenos, refuxiadas da guerra de Ucraína.

Comeza a Feira de Artesanía Mostrart na Coruña, con máis de 70 artesáns e 41 postos

Nesta 38 edición da Feira de Artesanía Mostrart, serán 70 as e os artesáns que participarán nas 41 casetas que compoñen a feira. Cincuenta deses participantes son obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e acollidos ao sistema da Marca de Artesanía de Galicia. Hai ademais outros 18 profesionais doutras comunidades autónomas, un participante de Francia e outro de Portugal.

A mostra conta coa organización da Asociación Galega de Artesáns e o apoio do Concello



da Coruña, xunto co da Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e a Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Mostrart permanecerá aberta ata o 28 de agosto, en horario de 11 a 14 e de 17.30 a 22 horas.

Máis de 600.000 galegos non teñen acceso a Internet fixo

De acordo ao Informe de Banda Ancha do ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, un 22,9% da poboación galega, algo máis de 618.000 persoas principalmente no rural aínda non teñen acceso á conexión a Internet en cando menos 100 Mbps a través de redes fixas, unha cifra que alcanza os seis millóns de

persoas a nivel estatal.

En canto a CC.AA, Galicia está entre as líderes en canto á profundización da brecha dixital de conexión de Internet, cun 23%, sendo máis preocupante naqueles Concellos de menos de 500 habitantes. Aragón (22,3%), Asturias (22,5%), Castela e León (30,4%) completan esta lista.

Copa 4x4 de Balonmán na Rúa

A Deputación da Coruña organizará a Copa 4x4 de Balonmán na Rúa cun total de 24 equipos mixtos das categorías alevín e benxamín e máis de 1.000 inscricións abertas. Celebrase entre os meses de setembro de 2022 e abril de 2023 en Carballo, Ribeira, As Pontes, Arzúa, Cereda, Muros e Camariñas.

Poderán participar nenas e nenos de entre 6 e 11 anos empadroxados en calquera concello da provincia, sendo necesario estar en posesión da correspondente licenza federativa para a tempada 2022. As inscricións poderán realizarse a través do enderezo electrónico da Federación Galega de Balonmán.

 **MIRANDA**
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Castrelo de Miño entra na axenda internacional dos deportes náuticos

A Coupe de la Jeunesse reunirá, do 5 ao 7 de agosto, no Parque Náutico de Galicia, en Castrelo de Miño, a máis de 400 deportistas e máis de 120 embarcacións pertencentes a 16 países. Un momento histórico para este concello do Ribeiro, para Ourense e para Galicia, afirmou o presidente da Deputación, Manuel Baltar, que celebrou “a entrada de Castrelo de Miño na axenda internacional dos deportes náuticos”.

Tamén asistiron á presentación o secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, e o alcalde de Castrelo de Miño, Avelino Pazos, acompañados polo delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén; o vicepresidente da Federación Española de Remo, Ricardo Unzueta; o presidente da federación galega, José Manuel Seijas; a presidenta do Club Náutico de Castrelo de Miño, Beatriz Alberte;

o director operativo da proba, José Manuel Rodríguez; e o director xeral de Caldaría, Javier Soto. Tamén houbo palabras de agradecemento polo apoio á candidatura ourensá por parte da presidenta da federación española, Asunción Loriente, que non puido acudir ao acto.

Manuel Baltar lembrou que tras recoller o 8 de agosto de 2021 en Linz (Austria) a bandeira que acredita a celebración no Parque Náutico de Galicia da Coupe de la Jeunesse, “puxémonos a traballar para responder a un desafío destas características e acreditar, unha vez máis, a nosa capacidade organizativa”. Hoxe, engadiu o presidente da Deputación, “é un motivo de enorme satisfacción presentar un dos grandes eventos deportivos do ano”, ao tempo definiu a representación de institucións e entidades presentes no acto como “a foto da cooperación”.

Mostrando as medallas que se entregarán nesta copa, Manuel Baltar asegurou que “este será o preludio de moitas probas futuras, porque o Parque Náutico de Galicia ten todas as condicións para elo”. Destacou neste sentido o esforzo económico que supuxo para a Deputación o investimento de medio millón de euros “para habilitar as infraestruturas necesarias, supervisadas por todos os órganos federativos”. Puxo así en valor a aposta do goberno provincial citando ademais o centro de alto rendemento de Laias, “como lugar de referencia para a preparación de seleccións e xerme de medallas olímpicas”.

Unha extraordinaria lámina de auga

José Ramón Lete felicitouse por conseguir un dobre obxectivo. Primeiro “porque entre todos por fin fixemos posible a primeira pista internacional olímpica de piragüis-



Presentación da proba internacional de remo.

mo e remo en Castrelo de Miño”. En segundo lugar “porque despois de persegui-la durante moito, a primeira vez en 2009, agora acollemos esta competición”. Ourense, destacou o secretario xeral para o Deporte, conta cunha extraordinaria lámina de auga en Castrelo de Miño, “onde agardamos que España e particularmente Galicia poidan facer podio nesta copa”.

Avelino Pazos agradeceu ao presidente da Deputación, á Xunta de Galicia e ás federacións española e galega de remo a aposta por celebrar esta competición “nun paraíso único como a ría do

Ribeiro”, ao tempo que afirmou que esta copa “é o inicio dunha longa aventura de campionatos internacionais de remo que terán como sede Castrelo de Miño”.

A Coupe de la Jeunesse chega ao Parque Náutico de Galicia trala celebración da última edición en Austria. Trátase dunha prestixiosa proba internacional de remo para deportistas de entre 16 e 18 anos, nas modalidades feminina e masculina, en representación de 16 países. A copa, que ten categoría de Campionato de Europa, celebrábase en 2023 na capital de Holanda, Amsterdam.

Xunqueira de Espadanedo xa ten parque infantil

O Concello de Xunqueira de Espadanedo inaugurou o parque infantil Elisa e Marcela en homenaxe ás dúas escritoras galegas que protagonizaron un dos primeiros matrimonios entre persoas do mesmo sexo en España, o 8 de xuño de 1901. O parque foi construído grazas a unha axuda da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que ascendeu a preto de 34.000 euros.

O Concello presidido por Carlos Gómez, solicitou a creación deste parque infantil debido ao déficit deste tipo de infraestruturas no medio rural, dando solución a unha necesidade moi demandada pola poboación moza. O parque está dotado do equipamento necesario de xogos infantís, coa instalación de diversos xogos



Inauguración do parque Elisa e Marcela.

adaptados á pendente do entorno e a colocación un pavimento elástico de caucho reciclado para garantir o seu uso nunhas condicións de seguridade axeitadas. Ademais, mediante esta actua-

ción, ponse en valor un espazo arborado existente, de singular valor natural e paisaxístico, que presenta unhas características idóneas para este novo equipamento.

Posta en liberdade de aves no Rodicio



O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, participou na liberación dun carabo, unha curuxa e un falcón peregrino tralo proceso de rehabilitación desenvolvido no Centro de Recuperación de Fauna do Rodicio, pois non voaban e presentaban un peso máis baixo do normal.

Unha vez comprobado que son capaces de voar e alimentarse por se mesmos, estas aves son

liberadas na zona natural, o máis próxima ao lugar de recollida.

O falcón peregrino está catalogado como unha especie silvestre en réxime de protección especial, unha listaxe na que se inclúen aquelas poboacións mercedoras dunha atención e protección particular, así como aquelas que figuren como protexidas en directivas e convenios internacionais ratificados por España.

I Encontro de Palilleiras en Monforte o 3 de setembro

Gloria Prada, primeira tenente de alcalde de Monforte; Sesé Vila, presidenta da Asociación de Palilleiras Ribeira Sacra, e Marina Doutón, concelleira de Cultura, deron a coñecer o que será a primeira gran xuntanza de palilleiras do sur da provincia de Lugo. Baixo o nome de “I Encontro de Palilleiras de Monforte de Lemos, Capital da Ribeira Sacra”, este celebrárase na cidade do Cabe o sábado 3 de setembro.

Prada explicou que “esta foi unha idea que xurdiu no ano 2020, e estaba practicamente todo ultimado para que se levava a cabo, pero a incidencia da pandemia impediuno, e obrigou a pospoñelo ata este ano 2022.

Este encontro é posible gracias ó traballo conxunto desenvolvido polo Concello e a Asociación de Palilleiras Ribeira Sacra, e o obxectivo é amosar e por en valor a arte de palillar”.

A escolla de Monforte para ser a sede deste encontro veu motivada, tal e como explicou Sesé Vila, “porque en moitos dos encontros ós que acudíamos, moitas palilleiras non dicían que tiñan moitas ganas dunha xuntanza en Monforte e na Ribeira Sacra”. Neste senso, tamén se tivo en conta a repercusión mediática que ten Monforte de Lemos, como capital da Ribeira Sacra, e a propia Ribeira Sacra, dentro e fora de Galicia.

“Por este motivo” subliñou

Gloria Prada, “o alcalde de Monforte de Lemos decidiu organizar este I Encontro de Palilleiras, que cremos que vai ser un éxito de participación y de público, e que ademais vai xerar un importante impacto económico na cidade, xa que moitas das palilleiras participantes virán días antes á nosa cidade, ou se quedarán días despois para coñecer a nosa zona”.

Dende o Concello e da Asociación estímase que no encontro de Monforte poidan participar arredor de 450 palilleiras de asociacións provintes de toda Galicia, León e Asturias.

Ubicación e programa

Para este encontro, o Concello instalará diversas carpas na explanada da Compañía, para que



Presentación do cartel de actividades.

as participantes e as asociacións de palilleiras desenvolvan comodamente a súa arte de palillar e poidan amosar os seus traballos ó público asistente.

Tamén se ubicará outra zona de carpas destinada a comerciantes procedentes de toda Galicia que venderán exclusivamente produtos para palillar, e que soen estar

presentes en todo este tipo de encontros.

O Concello fará entrega dun agasallo ás mestras palilleiras que participarán no encontro, e dende a Asociación de Palilleiras Ribeira Sacra tamén se levou a cabo a elaboración dun detalle conmemorativo do encontro, que inclúe un encaixe de cores, que será entregado a cada participante.

O programa do día 3 de setembro é o seguinte: 10:30 h. Recepción das palilleiras. 12:00 h. Inauguración da xuntanza de palilleiras. 12:00 a 14:00 h. Palillada. 14:00 h. Xantar. 16:30 h. Palillada e sorteo de agasallos. 19:00 h. Despedida.

Música na Rúa ofrecerá en Escarón un cartel de 35 bandas emerxentes

O festival Música na Rúa reunirá en Escarón 35 bandas da escena alternativa e emerxente entre o 4 e o 7 de agosto. A cita do Saviñao incorpórase por vez primeira á relación de beneficiarias desta liña de axudas á que a Consellería de Cultura destina 350.000 euros este ano para apoiar 21 destes encontros profesionais.

O Fión do Saviñao, un balcón con vistas privilexiadas sobre a Ribeira Sacra, acollerá por segundo ano consecutivo o escenario polo que pasarán as 35 bandas do cartel.

Orixe familiar

Música na Rúa chega este ano a súa 12ª edición tras un longo proceso de crecemento, experimentación e consolidación. Este encontro musical está organizado pola Sala Avenida e naceu en 2011 polo impulso dos seus propietarios: a familia Vázquez. A avoa Pura Expósito, o seu fillo Emilio Vázquez e os seus dous netos, Lara e Manuel, implícanse na organización dun festival que xurdiu en 2011 como espazo para a difusión de bandas emerxentes e de voces da música alternativa. O encontro procura tamén revitalizar o rural a través da música



O Fión do Saviñao será o escenario do festival.

e congregou xa en 2021 máis de 2000 espectadores.

A organización ten como obxectivo duplicar a cifra este ano grazas a catro días de concertos de bandas e voces como Soto Asa, Rusowsky, Albany, Sita Abellán e Chill Mafia, entre outros moitos. Estes nomes do panorama alternativo e outras formacións emerxentes constitúen un cartel que procura atraer tanto o público mozo coma o veterano e no que tamén presentes os artistas locais EQX, Methone e Scairon Johanson.

A programación complétase

cunha serie de actividades paralelas que abrangue catas musicais para poñer en valor as adegas da contorna, rutas en kayak na praia fluvial da Cova, coloquios arredor da industria musical, rutas de sendeirismo para gozar das paisaxes da Ribeira Sacra ou un ciclo de cinema musical na Sala Avenida.

Outra das novidades desta vindeira edición é a disposición dunha zona de campismo á beira do recinto principal do festival e moi próxima á zona de baño da praia fluvial da Cova, na espectacular paraxe do Cabo do Mundo.

Lancha de salvamento para O Saviñao



Santiago Villanueva entregou a embarcación de rescate.

Santiago Villanueva, director xeral de Emerxencias e Interior, acompañado do xerente da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), Marcos Araújo, fixo entrega dunha embarcación de salvamento ao Servizo Municipal de Protección Civil do Saviñao. O obxectivo é que contén cos medios axeitados e necesarios nas súas intervencións, tendo en conta que moitas ocasións son os primeiros en chegar ás incidencias.

Trátase dunha lancha con base rixida de fibra e flotadores inchables valorada en 11.685 euros. Cunha eslora de 3,99 metros e manga de 1,88 metros,

destinarase a funcións de rescate e outras actuacións de emerxencias en augas continentais. A embarcación entregouse xunto cun remolque de aceiro galvanizado de 4.650 metros de longo e 1.740 de ancho.

No Caso do Concello do Saviñao, a Xunta entregou nos últimos anos material valorado en 53.346 euros que incluíu un vehículo pick-up, un remolque de emerxencias e un desfibrilador. A maiores, nos dous últimos anos concedéronse máis de 3.000 euros en axudas para o mantemento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Redacción LUGO

A Xunta entrega os diplomas aos participantes no obradoiro de Ribadeo

A Xunta de Galicia entregou diplomas aos alumnos do obradoiro de emprego Ribadeo prepara o teu Camiño, promovido polo Concello ribadense e financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con 347.000 euros.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, participou no acto xunto co alcalde, Fernando Suárez. Arias sinalou que o taller contou con 20 prazas e impartiu as especialidades de Xestión de márketing e comunicación e Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos.

O alumnado tivo acceso a un contrato de traballo durante os nove meses de duración da actividade, que incluíu formación teórica e práctica de calidade da man de expertos. “Os obradoiros teñen en conta a realidade social e económica das zonas nas que se desenvolven e se adaptan á demanda das empresas da contorna”, salientou Arias. “Ao mesmo tempo”, dixo, “realizan obras e servizos moi importantes a nivel local”.



Alumnos e autoridades.

No caso de Ribadeo, explicou que o proxecto centrouse na promoción e desenvolvemento turístico do Camiño Norte con accións como o impulso de produtos audiovisuais multimedia coa marca Ribadeo alén do Camiño; o deseño da aplicación para móbiles Ribadeo prepara o teu Camiño, concibida para os peregrinos; a elaboración de sinalética dixital para mellorar a información aos visitantes e outras accións de difusión a través da internet.

Arias lembrou que Ribadeo acolle paralelamente outro obra-

doiro financiado pola Xunta con 369.500 euros, Territorio Vivo, compartido co concello de Barreiros e que tamén rematará proximamente. Anunciou ademais que a Consellería está a piques de notificar as concesións da nova convocatoria de obradoiros duais que permitirá formar unhas 1.600 persoas en Galicia con dúas grandes novidades: un incremento do orzamento do 23%, superando así os 42 millóns de euros, e un maior período de formación do alumnado, pasando dos 9 aos 12 meses de duración.

Curso de perfeccionamento da apicultura en Muras

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, celebra no municipio lugués de Muras unha acción formativa de perfeccionamento da apicultura. O curso celebrouse os días 5, 6, 7 de agosto e rematará o 19 na Casa do Concello e no apiario didáctico desta localidade, en horario de mañá, das 9:00 horas ás 14:00 horas.

O programa contén catro bloques de contido: unhas probas de selección, que abordarán diferentes destrezas como poden ser a limpeza e a produtividade no traballo apícola, e tres bloques

formativos. Estes consisten en formación acerca da sanidade apícola, así coma nocións en cría de abellas raíña.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, a través da formación non regrada e dentro do Plan de formación continua 2022, pretende neste caso formar e adaptar aos novos manexos aos apicultores para obter un maior rendemento das explotacións apícolas. Ademais, tamén se pretende despertar a curiosidade na xente nova no relativo a este eido, para posibilitar así un relevo xeracional nesta profesión.

Empresarios de Lugo recibiron ao embaixador de Cuba



A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) recibiu a visita do embaixador de Cuba en España, Marcelino Medina González coa finalidade de facilitar as relacións comerciais das empresas lucenses no país caribeño, en especial as de determinados sec-

tores estratéxicos para a provincia como o agroalimentario.

O embaixador tamén visitou as instalacións de Subministracións Megaro Foods, do Consello Asesor da CEL, peme lucense líder en Crecemento Empresarial en 2021 segundo Cepyme que xa exporta á illa caribeña, entre outros países.

O grupo Treixadura actuará no Día do Veciño de Lugo

O grupo Treixadura actuará na cidade de Lugo o próximo 23 de outubro co patrocinio da Xunta, que colabora deste xeito coa federación de asociacións Lucus Augusti na celebración do Día do Veciño. O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, presentou o concerto acompañado de Álvaro Lamas, integrante da agrupación musical, e do presidente da federación, Jesús Vázquez.

O concerto terá lugar no Pazo de Feiras e Congresos con ocasión da vixésima edición da festa veciñal, que en anos anteriores á pandemia chegou a convocar a máis de 4.000 persoas. Arias enmarcou a iniciativa na aposta



da Xunta “por seguir descentralizando a programación cultural para ofrecerlle á cidadanía propostas diversas e de calidade” en todo o territorio. “Boa mostra diso é o concerto que ofrecerá en Lugo este grupo emblemático que enxalza a música tradicional

galega”, apuntou.

Treixadura, creado en 1990, está inmerso actualmente na xira de presentación do seu novo traballo, Camiño longo, no que recuperan as melodías dos seus inicios e celebran os máis de 30 anos de andaina do grupo.

Senda para Mougán en Guntín

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por 45.581 euros as obras para a execución dunha nova senda na estrada LU-612, ao seu paso por Mougán, no Concello de Guntín. Esta actuación ten como obxectivo a mellora da seguridade viaria da estrada mediante a separación física do tráfico de vehículos e do tráfico

peonil, dándolle continuidade ao itinerario para peóns xa existente.

A actuación desenvolverase en dúas fases. A Consellería prevé iniciar as obras da primeira delas nas vindeiras semanas. Na primeira fase executarase un novo itinerario ao longo de 175 metros e cun ancho de 1,8 metros na contorna da igrexa parroquial de Mougán.

Redacción OURENSE

O PSdeG de Cartelle denuncia a proliferación de vertedoiros ilegais

O PSdeG-PSOE de Cartelle denuncia a aparición dun novo vertedoiro ilegal, desta vez na parroquia de Sande, concretamente no monte comunal, na zona da Raposeira. Os e as socialistas alertan que o “pasotismo” e a “deixadez” do Partido Popular con respecto a aparición destes vertedoiros “é moi preocupante”, xa que tal e como relatan en plena temporada de risco de incendios, o material aló depositado pode “provocar un polvorín de lume imparable e que cause importantes danos ambientais e persoais”.

Dende o grupo municipal socialista explican que nos últimos días recibiron a chamada de varios comuneiros da zona alertando da proliferación de lixo, caixas e ou-

tros materiais nesta zona de monte comunal do municipio. Unha situación que segundo explican os socialistas “ten moi preocupada á veciñanza, xa que en plena vaga de lumes, Cartelle non coida os seus montes e pon en grave risco a flora, a fauna e tamén á veciñanza”.

Segundo denuncian dende o PSdeG-PSOE de Cartelle, este novo vertedoiro ilegal atópase situada a carón da casa dun dos concelleiros do Partido Popular, que ademais cobra dedicación exclusiva. Por este motivo, os socialistas preguntáronse se o Partido Popular “vai seguir mirando para outro lado namentres lle plantan diante das súas casas vertedoiros ilegais?” e subliñan que “non é de recibo a inacción do goberno municipal,

na loita contra estes depósitos ilegais de residuos e materiais”.

Para o voceiro do PSdeG-PSOE de Cartelle, Jesús Pereiras Vázquez, a situación “repítese novamente” e afirma que o “señor Sousa e a senadora Carmen Leyte non lle interesan para nada os problemas reais de Cartelle e están máis pendentes de cobrar os seus soldos e buscar novos carguiños que de darlle solución aos veciños e veciñas do noso municipio”. O edil socialista ten claro que a proliferación destes vertedoiros ilegais no municipio “vén motivado pola ausencia de vixilancia e de sancións por parte do Concello, que parece que prefire mirar para outro lado namentres se producen estes atentados medio ambientais”.



Vertedoiro ilegal Raposeiras en Sande.

Pereiras Vázquez vén de poñer en coñecemento de Seprona a situación deste vertedoiro ilegal para que “tomen as medidas oportunas, investiguen a procedencia destes materiais e castiguen duramente aos responsables”. O voceiro dos socialistas de Cartelle afirma tamén que “esta situación é insostible e xa está ben de contaminar e encher de lixo a contorna de Cartelle”, ademais de apuntar que “non vamos consentir que o PP contamine e des-

leixe a nosa terra, os nosos montes e a nosa natureza”.

O grupo municipal socialista lembra que no que vai de mandato, xa tiveron que pór en coñecemento das autoridades a aparición de varios vertedoiros ilegais fomentados pola “inacción” do goberno municipal e que lle supuxo ao Concello importantes sancións económicas. “O PP parece que lle dan igual as multas, xa que saen do peto dos veciños e veciñas de Cartelle”, afirman.

Saberes de onte e de sempre en Bande

Celebrase en Bande o campo de voluntariado “Saberes de onte e de sempre”. Trátase dun programa de nova creación, dentro da campaña “O verán que queres contar” do Goberno galego, que busca recuperar as tradicións populares da vila. Os participantes entrevistan aos veciños para coñecer e recompilar por escrito saberes, tradicións, lendas e oficios antigos. O obxectivo é poñelos en valor, garantir a súa preservación e difundilos ás novas xeracións. O programa inclúe visitas ao campamento romano Aquis Querquennis, o Parque Natural do Xurés ou a zona termal; así como actividades como baños no río ou caiac.

Teatro e aventura en Entrimo

En Entrimo organizouse a terceira quenda do campamento Teatro e aventura na natureza,



Actividades en Bande.

no Albergue Penedos de Xacinto. Esta iniciativa, da que disfrutaron nenas e nenos de entre 9 e 13 anos, persigue fomentar as súas habilidades de comunicación a través de obradoiros de dramatización, expresión corporal, circo, malabares ou equilibrio.

Estes obradoiros complementáronse con actividades como deportes acuáticos, escalada en interior, orientación con GPS ou

tiro con arco. O programa acollerá entre o 12 e o 21 de agosto ao seu último grupo de rapaces, que tamén gozará dunha semana chea destas e outras actividades.

A campaña de verán da Xunta deste ano é a máis ambiciosa da historia con 10.800 prazas en campos de voluntariado, campamentos, minicampamentos e outras actividades.

Os socialistas de Punxín acusan ao goberno municipal de recortes no centro de saúde

O PSdeG-PSOE de Punxín acusa ao grupo de goberno municipal do Partido Popular e o concelleiro non adscritos de “aplaudir” e “apoiar” os recortes levados a cabo pola Consellería de Sanidade no centro de saúde do municipio. As e os socialistas critican a postura dos populares, que votaron en contra da moción socialista que buscaba solicitarlle a Consellería, que con carácter de “urxencia”, cubra a praza de médico ou médica titular do centro de saúde. Denuncian que o alcalde, Manuel Vázquez, e o seu equipo de goberno “danlle ás costas” aos veciños e veciñas, que viron como o goberno autonómico aplicaba a política de “desmantelamento e recortes” na sanidade pública municipal.

Dende o grupo municipal socialista afirman que os argumentos do goberno municipal son “paupérrimos” e deixa en evidencia que a veciñanza de

Punxín “non lle importa ao máis mínimo”, tras argumentar os conservadores que “isto é algo que está a pasar en máis concellos e non hai nada que facer”. As concelleiras socialistas amosaron durante o pleno o seu desacordo cos “recortes” e a redución de horarios impulsada polo goberno de Alfonso Rueda e afirmaron que esta situación “é un ataque frontal contra os servizos públicos máis básicos e importantes”.

As concelleiras socialistas apelan a “responsabilidade” do equipo de goberno e lémbrenlles que as súas funcións e o motivo para o que foron elixidos, “non é outro que defender os intereses da veciñanza e pelexar por mellorar o municipio, algo que queda en evidencia que non está a suceder”. Esíxenlle ao PP e ao concelleiro non adscrito que “muden” o seu modelo de xestión e se poñan a “defender os servizos públicos no municipio e a loitar pola veciñanza”.

Riós xa ten un centro de maiores municipal pero sin abrir

Fabiola García, conselleira de Política Social e Xuventude, e Eva María Barrio, alcaldesa de Riós, mantiveron unha xuntanza na que estudaron posibles fórmulas de colaboración para a apertura do novo centro de maiores da localidade, recentemente construído. A Xunta xa colaborou co financiamento de máis do 40% das obras desta infraestrutura, que tamén contou coas achegas da Deputación de Ourense e do Concello ata sumar un investimento total de arredor de 575.000 euros.

A conselleira abordou coa alcaldesa de Riós as opcións que ten para que este centro de titularidade municipal poida entrar



Eva María Barrio e Fabiola García.

en funcionamento antes de que remate este ano, tal e como é o seu obxectivo. Neste sentido, Fabiola García destacou o esforzo do Goberno galego por poñer a disposición dos concellos pequenos e de carácter rural máis servizos para atender ás persoas de máis idade, como son as

Casas do maior ou programa de Coidados porta a porta.

Outro dos asuntos abordados na reunión foi a posibilidade de que acometer unha serie de traballos de mellora dos exteriores do Punto de Atención á Infancia (PAI), do que tamén é titular o Concello.

Xunta e Vilariño de Conso ampliarán as vías da zona



Melisa Macía e Ángeles Vázquez.

A Xunta de Galicia e o Concello de Vilariño de Conso colaborarán na mellora da intersección da rúa do Souto coa praza da vila, tal e como establece o acordo subscrito pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Vilariño de Conso, Melisa Macía. Esta actuación urbanística ten como obxectivo acondicionar e mellorar a intersección, vías e instalacións da área. As obras disporán dun investimento total de máis de 273.000 euros, do que a Xunta achegará o 70% e o Con-

cello, o 30%.

A través do convenio de colaboración asinado, levarase a cabo a construción dun muro de contención de formigón e doutro de pedra, o deseño dunha rotonda, unha ampliación das vías e o saneamento das pluviais. As tarefas de reforma acometeranse ao abeiro do plan Hurbe, un programa que este ano conta cun orzamento reservado de 7 millóns de euros e que o Goberno galego promove desde hai máis dunha década para axudar ás administracións locais a executar este tipo de proxectos.

Embarcación de rescate para Protección Civil de Cortegada

Santiago Villanueva, director xeral de Emerxencias e Interior, fixo entrega dunha embarcación de salvamento á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) de Cortegada na que a Xunta investiu máis de 11.600 euros para que este servizo poida empregar en funcións de rescate e actuacións de emerxencias en augas continentais, no marco do apoio do Goberno galego a esta organización, cun total de preto de 188.000 euros.

A lancha entregouse cun remolque de aceiro galvanizado con capacidade de 500 quilos. Conta ademais con flotadores inchables e ten unha eslora de 3,99 metros e manga de 1,88 metros cunha carga máxima incluíndo persoas- de 1.000 quilos.



Faranse actuacións de emerxencias en augas continentais.

Esta agrupación tamén foi beneficiaria dunha das 26 tendas de campaña de emerxencias no marco da última orde de axudas para reforzar o equipamento deste colectivo na comunidade, dotada con 1 millón de euros, así como dun espaxedor de sal. Entre o material cedido nos últimos

anos aos voluntarios de Cortegada inclúense tamén outro espaxedor de sal, 3 vehículos tipo pick-up, 1 remolque de emerxencias, 1 desfibrilador e un traxe e unha pértiga para as actuacións de loita contra a velutina, o que supuxo case 146.000 euros investidos.

Estradas do oriente provincial

O PSdeG denuncia o “fume” da Deputación de Ourense ante as “históricas reclamacións” de mellora de numerosas estradas do oriente da provincia. Durante o pleno ordinario do mes de xullo, o grupo de goberno do Partido Popular e a deputada transfuga, Montse Lama, empregaron escusas e argumentos baleiros para tratar de xustificar a súa inacción con estas infraestruturas da súa competencia.

O deputado e tenente de alcalde do Barco, Aurentino Alonso,

destacou que “a porcentaxe de investimento en infraestruturas en Valdeorras redúcese a metade”, en base aos datos ofrecidos polo deputado, Pablo Pérez, e recordou que “a provincia vive de costas á comarca” desde hai moitos anos. “Tanto a veciñanza como a Deputación son vítimas dos problemas con esta estrada pero, en todo caso, é a Deputación quen ten que liderar e buscar solucións”, matizou en referencia ás décadas de desleixo que acumula a estrada de San Vicente de Leira, en Vilamartín.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción OURENSE

O alcalde de Ourense retíralles as competencias aos concelleiros do PP

Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, retiroulles as competencias delegadas a todos concelleiros do PP que formaban parte do goberno municipal e o grupo de Democracia Ourensana gobernarán en solitario o Concello. Así o anunciou Pérez Jácome, logo de que os concelleiros do PP Jorge Pumar, secretario local do PP na cidade, e Flora Moure, portavoz do grupo municipal, non acudisen á cita convocada polo alcalde para que reafirmasen o compromiso de continuidade do PP no goberno local.

O alcalde considera “intolerable” que desde o PP se puxese en dúbida a continuidade do pacto de goberno e que os concelleiros non acudisen á cita convocada na Alcaldía para clarificar a situación. O “plantón”, dixo o rexedor, é “a gota que colma o vaso”. “O Concello non pode xogar aos tempos que marquen os intereses electorales do PP”, manifestou.

O alcalde retiroulles as competencias de goberno que lles foran delegadas aos concelleiros e concelleiras do PP. Tampouco participarán nas xuntas de go-



A última xunta de goberno con concelleiros de PP e DO.

berno e lles retirará dedicacións exclusivas. “A ruptura é taxante”, concluiu Pérez Jácome, quen avanzou que Democracia Ourensana gobernarán en solitario o Concello, e que o fará “mellor”: “Ourense está en marcha e non o podemos frear polos intereses doutro partido que está facendo como o cabalo de Troia. Seguiremos gobernando a cidade os catro concelleiros de Democracia Ourensana, e o faremos moito mellor”.

Jácome comparou o mandato municipal cunha carreira de 1.500 metros, con catro voltas, para explicar: “estamos na última volta da carreira de 1.500, quedan 10 meses, onde se vai definir todo,

e imos demostrar do que somos capaces. Imos dar o mellor de nós para que Ourense poida estar onde se merece, e o imos conseguir”, asegurou.

O alcalde asinou o novo decreto de delegación de competencias nos concelleiros do novo goberno municipal, entre os que xa non figura ningún do PP. O alcalde asume provisionalmente as competencias que os edís do PP tiñan delegadas até agora. Tamén asinou o decreto no que nomea integrantes da xunta de goberno local, que serán o propio alcalde e os tres concelleiros de DO: Armando Ojea Bouzo, Antonio Fernández Martín e Telmo Manuel Ucha Álvarez.

Homenaxe a un alcalde da República



Intervención de Xosé Lois Carrión.

Valentín González Formoso, secretario xeral do PSdeG-PSOE, asistiu ao homenaxe a Manuel Suárez, alcalde de Ourense que foi fusilado en 1937 polos golpistas que auparon ao ditador Francisco Franco. Tamén participaron no acto o secretario provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, Rafa Villarino e a secretaria da agrupación municipal do PSdeG-PSOE da cidade de Ourense, Natalia

González. Interviron familiares do rexedor homenaxeado; Xosé Lois Carrión, secretario de Memoria Histórica e Dereitos Humanos da CEM do PSdeG-PSOE de Ourense; Alba Iglesias, secretaria xeral das Xuventudes Socialistas de Ourense e Cristóbal Medeiros, secretario comarcal de UXT Ourense. O acto contou cunha proxección de mensaxes dos alcaldes e alcaldesas socialistas das cidades de Galicia.

Tesgalicia formará a funcionarios



O Concello de Ourense asinou un convenio de colaboración con Tesgalicia, Asociación de técnicos de emerxencias sanitarias e xestores de emerxencias de Galicia. O Concello cédelle un local de formación nas instalacións do edificio do parque móbil municipal, no Campo de Feira, a cambio de formación (cursos, conferencias en primeiros auxi-

lios, manexo de desfibriladores, reanimación cardiopulmonar, participación conxunta en simulacros, etc.) para o persoal municipal, principalmente de Bombeiros, Policía Local e Protección Civil, aínda que tamén para persoal dos diferentes servizos municipais, persoal docente e administrativo de centros educativos; entidades culturais, sociais ou deportivas.

Campionato de España absoluto individual e por equipos de karate

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, reuniuse con Antonio Moreno Marqueño, presidente da Real Federación Española de Karate, e Javier Pineño Roldán, vicepresidente da Real Federación Española de Karate e Óscar Lafuente López, presidente de la Federación Galega de Karate, para avanzar nos preparativos do evento, que converterá Ourense no punto de referencia nacional desta modalidade deportiva, que conta en España cunha grande tradición e medallas olímpicas, como as acadadas nos Xogos de Tokyo 2020 por Sandra Sánchez (ouro) e Damián Quintero (prata).

O campionato disputarase no



mes de xaneiro, desde o día 20 até o 22, e incluírá as modalidades de kumite e kata, así como a de parakarate. “Será a grande festa do karate en España”, destacou ao remate da xuntanza o alcalde, quen avanza que o evento contará cunha “importantísima cobertura mediática”, xa que

será retransmitido por cadenas de televisión a nivel nacional. “Ourense estará aí, no foco”, manifestou Pérez Jácome, quen lembra que Ourense é “a cidade galega mellor conectada coa península co AVE que xa daquelas cumprirá máis dun ano da súa chegada”.

A Festa do pulpo celebrarase o día 14 de agosto na vila do Arenteiro

Nava Castro, directora de Turismo de Galicia, participou xunto ao alcalde do Carballiño, Francisco Fumega, na presentación do cartel da “Festa do pulpo” no Carballiño, celebración que recentemente foi declarada Festa de Interese Turístico Internacional e que este ano está dedicada á celebración do Xacobeo 2021-2022.

Segundo explicou a directora de Turismo de Galicia, máis de medio século de historia avala a gran tradición da “Festa do pulpo” do Carballiño, unha das celebracións gastronómicas máis senlleira da Comunidade galega que actúa como foco de atracción dentro da oferta turística galega

do verán.

A directora de Turismo incidiu en que as festas gastronómicas conforman a mellor mostra dalgunhas das máis relevantes exquisiteces culinarias do territorio galego, acompañadas pola tradición popular e por un dos nosos máis potentes activos como destino: a hospitalidade.

Nava Castro dixo que a enogastronomía é un dos grandes atractivos turísticos de Galicia “e xa supón o segundo motivo polo que os visitantes acoden a Galicia, xa que gracias á nosa gran variedade e calidade de recursos, tanto marítimos como da terra, podemos ofrecer experiencias únicas”, engadiu.

Nava Castro resaltou, tamén, que os nosos produtos con distintivos de calidade ou os nosos viños das cinco denominacións de orixe protexido son tamén o fio condutor para a creación de novas experiencias turísticas. Así, lembrou, As Xornadas de Portas Abertas das Rutas dos Viños de Galicia, como promoción do turismo nas zonas de produción das denominacións de orixe, o Outono Gastronómico, combinación do turismo rural e a gastronomía, ou o programa De tapas por Galicia.

Por outra parte, a directora de Turismo de Galicia felicitou aos organizadores da “Festa do pulpo” do Carballiño pola dis-



O acto celebrouse no consistorio carballinés.

tinción acadada recentemente polo que esta celebración foi declarada de interese turístico internacional.

Neste sentido, Nava Castro lembrou a implicación da Xunta de Galicia no procedemento para que a festa obtivese este recoñecemento, así como o pulo ao expe-

diente administrativo da declaración desde o departamento que dirixe. Referiuse tamén o apoio económico de Turismo de Galicia que reciben as festas declaradas de interese turístico, o que permite desenvolver accións de promoción e difusión que melloran a súa imaxe e a organización.

A elite do baloncesto masculino galego na Copa Galicia

Ourense reunirá a elite do baloncesto galego masculino os días 15 e 17 de setembro, coa disputa da edición número 36 da Copa Galicia sénior, no Pazo Paco Paz. O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, o vicepresidente da Deputación Rosendo Fernández, o presidente da Federación Galega de Baloncesto, Francisco Marín, e o coordinador deportivo do Bosco Salesianos, Sonny Vázquez, presentaron a competición, que par-

ticiparán os dous equipos galegos que compiten na categoría ACB (Obradoiro de Santiago de Compostela e Breogán de Lugo) e os dous que o fan na LEB Ouro (Club Ourense Baloncesto) e Club Basquet Coruña.

O Club Ourense Baloncesto disputará unha das semifinais fronte ao Breogán de Lugo e o Obradoiro xogará contra o Basquet Coruña, segundo o sorteo que se realizou no propio acto de presentación, a cargo de dous xogadores das ca-

tegorías de base do Bosco Salesianos. As semifinais serán o día 15 e a final o 17. Tamén durante estes días, a cidade acollerá un claustro docente coa participación de adestradores galegos que ofrecerán charlas formativas no colexio Salesianos. O torneo servirá de homenaxe Vicente “Nino” Santos, figura emblemática e moi querida do baloncesto ourensán, recentemente falecido. Parte da recadación do evento irá destinada á Asociación Española contra o Cancro.

Gaitas para o grupo Os Trintas de Trives



Patricia Torres, deputada de Cultura, entregou dez gaitas elaboradas polo Obradoiro de instrumentos da Deputación á banda de gaitas trivesa Os Trintas, representada polo seu director, Santiago Mera, e membros da directiva.

“Este é un xeito máis, tremendamente importante, de apoiar a formación musical dos veciños ourensáns e ademais supón un respaldo para esta formación”, sinalou a deputada,

que ademais de aplaudir a traxectoria de Os Trintas quixo recoñecer o excelente traballo realizado polo obradoiro dirixido por Manuel Brañas.

Dende a banda trivesa resaltaron que “hoxe é un día moi importante, porque estes instrumentos facían moita falta para garantir a nosa continuidade como agrupación. Agradecemos que a Deputación atendera a nosa petición e seguiremos traballando a prol da cultura galega”.

Fotos para captar o interior do Consistorio

Axentes da Policía Local identificaron a un veciño da cidade que “de forma encuberta” estaba a realizar fotografías ao edificio municipal desde a rúa da Barreira “xustamente na porta de acceso ao departamento de Reprografía, así como desde a outra porta da rúa Barreira que dá entrada ás oficinas interiores e ao resto dos departamentos municipais, con clara intención de captar o interior das dependencias municipi-

pais”, ás que non está permitido o acceso, segundo explican no seu informe os axentes.

Cando os policía se lle achegaron, a persoa que realizaba as fotografías gardou rapidamente o terminal telefónico no seu peto. Tras ser identificado, negouse a dar explicacións do uso que lle quería dar ás fotografías, polo que os axentes o informaron das responsabilidades en que podería incorrer no caso de dar un uso ilícito ás imaxes

captadas. O Concello resérvase a posibilidade de emprender accións legais, de ser o caso. A Concellería de Seguridade Cidadá advirte que a identidade se corresponde coa dunha persoa que está a ser investigada polo seu comportamento, ante diversas situacións recentes, e ante a presenza tamén de efectivos da Policía Nacional, polo que se lles porá en coñecemento destes feitos para o que consideren oportuno.

Sober celebra a XXV Feira da Rosca

Sober celebrará os días 11 e 12 de agosto a XXV edición da Feira da Rosca. Como entrante ou como sobremesa (pero sempre acompañada de queixo), para o almorzo ou como simple larpeirada para os cativos, as rosas de Sober sempre están recomendadas.

“Todo elo fai que nin o cambio nos hábitos culinarios, nin a introducción de novos alimentos consigan desbancar a popular rosca que, dende 1995, ten mesmo a súa propia feira o día 12 de agosto”, sosteñen no Concello. Este día ofrécese a degustación gratuita de racións de rosca, con queixo do país e licor café, a tódolos visitantes e veciños. Desde 2011 engadiuse un día máis a esta celebración. A rosca, sobremesa por excelencia na contorna, está elaborada artesanalmente con zucre, ovos, fariña e azafrán e ofrécese en dous tamaños. Na feira articiparán artesáns da comarca así como de Taboada, Palas de Rei, O Courel, San Simón da



O alcalde repartindo rosca nunha edición anterior.

Costa e Caldelas.

Para o mes de setembro o Concello xa prepara a romaría no santuario da Virxe de Cadeiras, na parroquia de Pinol, a medio quilómetro da igrexa de San Vicente, nun excepcional paraxe natural, lindante co Cañón do Sil. Neste lugar celébrase, dende o século pasado, os días 7, 8 e 9 de setembro, unha romaría popular adicada a esta singular advocación

mariana. Oficios relixiosos, procesión e comida campestre serán os protagonistas desta xornada.

O santuario foi construído no século XVIII, quedando a obra inacabada. O edificio dunha soa nave, é de pedra granítica e sillería ben labrada. Máis que polo interese arquitectónico, destaca por ser un lugar de peregrinación, debido os milagres que a tradición atribue á virxe de Cadeiras.

XIII Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas

Na estación polivalente de Cabeza Grande de Manzaneda (Ourense) celebrouse a fase final do XIII Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas coa participación de cincocentos gaiteiros europeos. A media mañá comezou a competición entre bandas, co cuarto e terceiro grao. Despois chegou o momento do campionato de bastón de mando e de gaiteiros solistas. As bandas de segundo e primeiro grao pechaban a competición.

Tras a ofrenda floral á estatua do que foi alcalde de Manzaneda, Gabino García, coa interpretación da banda de gaitas Os Trintas de Trives, todas as bandas interpretaron ao mesmo tempo o himno do Antigo Reino de Galicia.

A Real Banda Xuvenil da Deputación de Ourense foi a gañadora do primeiro grao, mentres



Banda de Gaitas do Concello de Chantada.

que no segundo grao foi a Banda de Gaitas do Concello de Chantada a que levou a máxima puntuación. A banda de gaitas Devalar de Amoeiro e Os Trintas de Trives conseguiron o primeiro posto no terceiro grao. A gañadora do cuarto grao foi a banda do Concello

do Bolo e Preparatorio. Diego Prieto foi o gañador de gaiteiros solistas e Marga Garza e Andrea Rodríguez as finalistas no campionato de bastón de mando. En marzo celebrárase a primeira fase do campionato de 2023 en Xinzo de Limia.

SOBER XXV FEIRA DA ROSCA *Mel e outros produtos da Ribeira Sacra* 11 e 12 de Agosto de 2022



IV TÚNEL DO VIÑO de Amandi

Obradoiros de emprego en Lugo

A Xunta entregou diplomas aos alumnos do obradoiro de emprego Camiño de Santiago II, promovido polo Concello de Sarria e financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con 347.000 euros. Tamén se entregaron certificados de profesionalidade do obradoiro de emprego Ricra 5 que compartiron o Concello de Sober, O Saviñao e Pantón.

O taller de Sarria contou con 20 prazas e impartiu a especialidade de pavimentos e albanería de urbanización. O alumnado tivo acceso a un contrato de traballo durante os nove meses de duración da actividade, que incluíu formación teórica e práctica. “Os obradoiros teñen a dobre vantaxe de ser unha ferramenta idónea para a inserción laboral de persoas desempregadas ao tempo que axudan a mellorar infraestruturas e servizos públicos

municipais”, subliñou o delegado da Xunta.

No caso de Sarria, explicou que os participantes traballaron no acondicionamento e pavimentación da ruta xacoea ao seu paso polos núcleos de Perros e Aguiada, na parroquia de Calvor. Así, remarcou a contribución desta iniciativa “para seguir avanzando na potenciación do Camiño de Santiago, que xoga un papel fundamental na dinamización económica da nosa provincia, especialmente nas zonas rurais”.

A Consellería está a piques de notificar as concesións da nova convocatoria de obradoiros duais que permitirá formar unhas 1.600 persoas en Galicia con dúas grandes novidades: un incremento do orzamento do 23%, superando así os 42 millóns de euros, e un maior período de formación do alumnado, pasando dos 9 aos 12 meses de duración.